



SEMANA CULTURAL

Nesta semana houbo no colexio un gran evento: a Semana Cultural das Letras Galegas. Os nenos e nenas do CEIP Pío XII tivemos unha semana chea de actos culturais e conferencias moi interesantes, así:

Luns	Grupo musical infantil Mamá Cabra. Comeza a papiroflexia para os nenos de 3º.	Xoves	Conferencia de especies mariñas protexidas dada polo presidente da CEMMA.
Martes	Os de 4º seguen coa papiroflexia. Empeza a haber no recreo xogos tradicionais e lectura de contos rápidos. Empezan os Contacontos.	Venres	Conferencia de prevención de desastres naturais, dada por o director de MeteoGalicia, pai dun alumno.
Mércores	Conferencia de instrumentos tradicionais galegos, ofrecida por un profesor da USC que os tocaba de pequeno.	Estas foron as actividades que tivemos e aínda nos agardan outras máis este xoves. Atención porque comezaremos a describilas xa.	



CLARA DURÁN, MARIA CURROS, MARÍA BERRIDI, SARA COSTA. 6ºA

CONFERENCIAS

OS INSTRUMENTOS TRADICIONAIS GALEGOS

O conferenciante Pablo Carpinteiro Arias e a súa muller Rosa contáronnos que en Galiza temos moitos máis instrumentos que en Francia e mellor conservados, tamén nos avisaron de que é moi importante coidalos.

Hai distintos tipos de instrumentos: Idiófonos / Membráfonos / Aerófonos / Cordófonos.

En Galiza hai moitos instrumentos IDIÓFONOS como por exemplo: trécolas, lata, castañolas, xistos, ferrinos...con todos eles componse música.

Tamén temos MEMBRANÓFONOS coma os tambores. Antigamente nas festas as mulleres tocaban as pandeiretas e os homes o bombo, tocaban cancións coma a xota de bambueira.

AERÓFONOS: son as frautas, as follas de hedra etc. Hai diferentes tipos de frautas: as frautas de afiadores e as frautas de capadores. Outro instrumento aerófono é a gaita de rosca que leva un corno, antigamente tocábase no Baixo Miño indo de porta en porta. Por último tamén son instrumentos aerófonos os pallóns, parecidos ás harmónicas, e o acordeón piano que pertence xa a Asturias.

CORDÓFONOS: rabel asturiano, rabel cantábrico, rabel do Porto de Sanabria, rabel da Praza de Praterías.

Por último explicáronnos que en Galicia hai distintos tipos de frautas: gaita de fol sinxela - Ourense / gaita de ronquillo / gaita de catro voces - Melide / gaita de barquín - Baixo Miño / gaita sabugueiro / gaita de cana con fol

Ao remate de cada explicación tocábanos unha peza.



ESPECIES MARIÑAS EN PERIGO DE EXTINCIÓN

Alfredo López Fernández experto en zooloxía veu ao noso colexio para dar unha conferencia sobre especies mariñas en perigo de extinción.

Comezou dicindo que el fundara unha organización chamada CEMMA que se dedicaba a protexer o mundo mariño e a loitar polos dereitos dos animais que o habitan xa que eles non poden facelo por si mesmos.

Explicounos que había dous tipos de cetáceos, os pequenos cetáceos (que poden ter dentes ou barba) e os grandes cetáceos.

Falounos de mamíferos mariños como a balea azul, a balea branca, a balea común, a balea boreal, a balea xibarte (moi pouco común) a balea alibranca (especie na que a balea máis pequena non chega aos 8 m.), os cachalotes, os golfinhos...Dixo que os golfinhos teñen o corpo moi adaptado á auga pero que nas aletas teñen os mesmos ósos que temos nós nos brazos. Falounos de varias especies de golfinhos coma

o golfinho común (nome científico: Delphinus delphis) que ten unha mancha amarela no peito.

Falounos moito tamén das tartarugas, reptís, das que hai varios tipos: a tartaruga bóla, a tartaruga de coiro, a tartaruga carei, a lora, a tartaruga común e a tartaruga quelonios. A súa temperatura corporal depende da temperatura a que estea a auga. Por iso se chegan á auga máis fría conxélanse deixando de comer e nadar, as correntes arrástranllas ata as nosas costas onde son recollidas polos membros da CEMMA.

Por último falou algo sobre as focas e lobos mariños, contounos que hai tres anos en Tapia de Casariego naceu un lobo mariño ó que chamaron Cincento; tamén contou que a especie de lobo mariño que resiste ás temperaturas máis frías chámase lobo mariño de capelo.

Ensinounos moitos vídeos de focas, lobos mariños e golfinhos despois de catástrofe do Prestige.

PREVENCIÓN DE DESASTRES NATURAIS

Para rematar, o venres día 11 tivemos unha conferencia por Vicente Pérez Muñuzuri, director de MeteoGalicia e profesor de Física na USC, sobre a prevención de desastres naturais.

Durante todo o tempo estivemos vendo imaxes na parede as cales ía explicando. Tamén nos falou dos riscos, da súa clasificación, dos tornados, dos furacáns, das tormentas eléctricas, da sarabia, das vagas de calor, dos vaga lumes, das inundacións, dos terremotos...

Esta semana cultural no noso colexio dedicada ás Letras Galegas estivo moi divertida. O que máis me gustou foi a conferencia sobre os instrumentos tradicionais galegos.

MÚSICA



MAMÁ CABRA

O luns tivemos como visita as cancións para nenos de Mamá Cabra. Este grupo veu tamén o ano pasado, pero gustounos tanto que volveron coas súas canciónciñas, ben coñecidas entre o público infantil e de interese para os maiores polas cancións e versos galegos.

Entramos primeiro os de 6º A no Salón de Actos e de últimos os de 3º A. Todos nos sentamos sobre unhas colchonetas que puxeran previamente no chan. Cando entrou o último curso e xa se acomodaran os mestres empezou o concerto. Parte das cancións xa

as coñecía eu, algunhas eran versos de Ana Mª Fernández e outras eran cancións populares. O bo foi que na terceira canción a cantante animounos a bailar. Eu levanteime pero apoieime na parede porque doíame a cabeza e non estaba para bailes. Ó final do concerto cando xa aplaudimos a rabiar recollemonos por grupos de catro ou cinco persoas as colchonetas (a maioría pesaban cantidade) e colocámolas no seu sitio. Despois tivemos un recreo que non durou nin dez minutos.



OUTRAS ACTIVIDADES



Margarida Botelho
Escritora.
Ilustradora.
Falamos de libros?

Miguel Núñez de Arena
Membro da
Asociación
Española de
Papiroflexia.
Taller de
Papiroflexia



David Orihuela
Profesor de
Debuxo Artístico.
Animador
infantile xuvenil.
Taller de
Manualidades

Anxo Moure
Contacontos
Anxo Moure leva
quinze anos
percorrendo as
escolas de Galicia
cos seus contos
solidarios.




Pere Tobaruela
Escritor
Taller de
literatura.
Creamos contos

ENTREVISTAMOS A

PABLO CARPINTERO ARIAS
(DIRECTOR DE ULTREIA)

- Cre vostede que a xuventude se interesa o suficiente pola música tradicional?
Si, en xeral, si. Xa que os xóvenes interésanse polo que ven facer ós maiores. Polo tanto, se un neno ve tocar estes instrumentos con frecuencia, é moi probable que se interese pola música e, en concreto, pola tradicional. Iso mesmo pasoume a min.
- Dentro de este xénero, que instrumentos pensa que son os máis importantes?
Todos, pero de ter que resaltar algún, destacaría a gaita, a nivel masculino, e a pandeireta, a nivel feminino.



- E, dígame, cales son, na súa opinión, os mellores intérpretes a nivel individual?
O único instrumento que de por si soa ben, e sen necesidade de acompañamento, é a gaita. E, actualmente, aínda que xa van maiores, os mellores gaiteiros son José Marentes e Manuel Viqueira.
- E a nivel colectivo?
Eu creo que o grupo que ofrece maior variedade é Ulтреia; e non o digo porque sexa o grupo do que formo parte.
- Hai algún instrumento que debemos rescatar do olvido?
Hai moitos que pouca xente coñece ou que só saben tocar os anciáns; como a caramela, a trompa, a requinta, a zanfona, o rabel ou o violín tocado ó estilo galego.
- Cando comezou vostede a interesarse por este xénero?
Ós oito anos (1977), que foi cando comecei a tocar a gaita de fol.

ALFREDO LÓPEZ FERNÁNDEZ
(PRESIDENTE DE CEMMA)

- Cando empezou vostede a interesarse polos mamíferos mariños?
Pois, desde que no instituto estudei Bioloxía, aí polo ano 1989.
- Cando e cómo xurdiu a idea de fundar CEMMA?
Despois de entrar en contacto con outros estudosos da materia, démonos conta de todo o que quedaba por facer. Entón asociámonos formando CEMMA; isto foi no ano 1990. Aínda que CEMMA existe legalmente desde o 9 de abril de 1992.
- A súa asociación adicase ao estudo dos mamíferos mariños, pero, adicase tamén á súa protección?
Si, CEMMA adicase ao estudo, á protección, á conservación e á divulgación dos mamíferos mariños.
- Cre que grazas a vostedes mellorou o estado dos mamíferos mariños galegos?
O que mellorou sobre todo foi a actitude da sociedade con respecto a estes mamíferos. Aínda así, no aspecto da protección, os medios actuais son insuficientes.
- A xente, na súa opinión, está concienciada do perigo no que están algunhas destas especies?
Ben, non o suficiente; posto que non coñecen o perigo que pode ocasionar o mero feito de botar un plástico ó mar.
- Unha pregunta que está moi de actualidade. En que aspectos do seu labor cre que influirá o cambio climático?
O cambio climático influirá sobre todo na distribución das especies mariñas. De feito, sen ir máis lonxe, nestes últimos anos están aparecendo focas circumpolares nas costas galegas. Isto é debido a que viaxan nos icebergs producidos polo desxeo do Polo Norte.
- Considerádesvos pioneiros en Galiza dentro da vosa especialidade?
Home, así en xeral, non; pero si en labores máis concretas como o estudo acústico dos cetáceos ou na forma de ordear o persoal por toda a costa galega.

Moitas grazas.

Nos finais do século XIX Rosalía de Castro fixo rexurdir as Letras Galegas. Con ela numerosos escritores continúan esta fermosa tarefa. Os alumnos de 3°C quixemos facerlle unha homenaxe cun mural aos poetas máis representativos. Nel están Rosalía, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Ramón Cabanillas, Luís Pimentel, Celso Emilio Ferreiro, Neira Vilas coa súa dona Anisia Miranda e Manuel María. No centro deles, puxemos a María Mariño a quen lembramos este ano. Votamos todos e os poetas preferidos foron: Curros Enríquez, Ramón Cabanillas e Neira Vilas. Rematamos o mural cun mapa temático dos nosos principais cultivos.

VALERIA TROITEIRO E SERGIO SANMIGUEL 3º C

AS LETRAS GALEGAS





OS NOSOS... CONTACONTOS

O pescador e a súa muller
A caixa do tesouro
Capitán Calabrote
A verdadeira historia de carapuchiña
Pulguíña
Rapunzel
A rainha presumida
Manu
O señor mago e a folia
Un problema grande
As cinco amigas
Os tres bandidos
A bufanda de dona Melosa
Barbazul
A abella na orela da ovela

Os "contacontos" foron o alumnado de 2º e 3º ciclo que, aprenderon uns contos previamente seleccionados para ir contarlles aos seus compañeiros dos niveis inferiores. O horario de contacontos foi de 09:30 a 10:00 durante a semana cultural. Vexamos algunhas imaxes.



FESTIVAL



TEATRO

"Parásitos na Escola"
5 ANOS C

- Cristina! Non che pica a cabeza?
- Pois tes razón. Parece que teño piollos ou pulgas. - - - Non sei.
- Necesitamos un desinfectante para quitar os parásitos que entraron na escola...

TEATRO

"As laranxas máis laranxas de todas as laranxas"
6º Primaria

Atopámonos nunha horta con árbores, un pozo, un galiñeiro e a caseta dun can. O can chámase Paulino. A galiña que habita no galiñeiro entende por Petra. Diante da casa, hai un mazaioiro de pedra. Nunha árbore vense dependuradas cinco laranxas enormes. As laranxas máis grandes do mundo.



TEATRO

"A tronada"
3º Primaria

- Que calorciño vai. Non si?
- Claro é que xa estamos na primavera.
- Pois mira estes paxariños, parece que veñen dun sitio moi frío. Veñen triritando.

TEATRO

"Palabras máxicas"
1º Primaria

Todos os super-heroes, as supernenas, vaqueiros, capitán Garfo e o mago Merlón no país de Nunca. Mais andan a falar galego.




BAILE

"Baile galego"
Actividades extraescolares

As nenas que participan en Baile Galego dentro das actividades extraescolares que organiza a ANPA "Ferradura", tamén estiveron presentes no noso Festival.



CONTOS RÁPIDOS



No festival das Letras Galegas tamén se fixo entrega dos agasallos aos alumnos e alunas autores dos contos que foron mellor valorados polos compañeiros e foron lidos durante o mes de maio.



XOAN E A SUA CADELA

por Natalia Garrido Gulías. 1ºB

Xoán vive en Santiago; é moi alto e delgado. De maior quere ser veterinario. Gústalle moito a súa cadela. Un día cando ía de paseo encontrouse con un amigo e parou a falar. Cando se deu a volta a cadela non estaba. Xoán non sabía qué facer, entón pensou en buscar e tamén rebuscar. Logo encontrouna no xardín do seu veciño Max. Xoán pensou que para ser bo veterinario tiña que aprender a adestrar os cans. Decidiu ensinar á súa cadela a non escapar do seu amo. Para eso púxolle unha correa e levouna outra vez de paseo. Cando parou a falar co amigo a cadela sentouse e esperou. En premio Xoán fíxolle caricias e deulle un óso. Dende ese día a cadela non escapa nunca, aínda que non teña correa, porque espera que lle dean mimos e ósos.

ALBA, A RAIÑA DOS MARES

por Daniel . 4ºB

Érase unha vez unha ameixa chamada Alba que quería dominar os mares do mundo pero o rei Neptuno non lle deixaba. Alba era unha ameixa moi valente pero estaba soa e o rei Neptuno tiña un exército de mexillóns bravos que xunto coas nécoras pinzones formaban unha patrulla naval case invencible. Alba empezou a matinar para ideas un plan co que poder facerse a raíña dos mares e cumprir o seu sono. Acordouse de Andrés, o centolo, que fora xeneral da patrulla naval e agora estaba retirado e vivía detrás do arrecife de corais roxos ó lado da casa dela e Alba foi a falar con el:

- Cómo poder vencer ao rei?
- Quitándolle a coroa contestou Andrés, e Alba foise.

Un mal día a ameixa sacou

adiante o seu plan e infiltrouse no castelo do rei. Entón o rei viuña e dixo:

- Desta non escaparás; gardas, a ameixa está aquí, collédea!

Pero os gardas non a deron pillado, entón o rei matinou un pouco e dixo:

- Chamade á patrulla naval!

Pero daquela a ameixa xa tiña fuxido coa coroa do rei, o rei xa non tiña poder pero a patrulla naval aínda lle obedecía. A patrulla naval foi detrás da ameixa e sacaron a súa arma secreta: o ourizo de mar rastreador, o ourizo levouna ata a súa guarida por onde a colleron probándose a coroa, quixo fuxir pero lanzáronlle a rede e pillárona. Levárona diante de Neptuno, o cal cando a viu dixo:

- Metédea no calabozo máis seguro que teñamos; dito e feito. O rei fixo unha gran festa para celebralo. Á gran mariscada,

chamáballes á festa, chegaron mariscos de todo o reino, nécoras rabudas, ameixas choronas, navallas afiadas... e tamén as primas de Alba, as navallas Noelia e Sara.

Andrés o centolo amigo de Alba na festa, veu a Noelia e a Sara e foi o encontro delas, e díxolles baixiño:

- O calabozo onde está Alba é o 123 no soto do castelo entón elas foron rapidamente cunha lima ao soto e Noelia dixo:

- Alba, xa estamos aquí para liberarte e sacárona do calabozo, e a modiño foron ata a habitación do rei e viron que estaba durmindo, entón aproveitaron para collela coroa. Cando fuxían pasaron por un prado de algas onde pacían uns cabaliños de mar, entón Alba e as súas primas montaron entres eles e cabalgaron moitos días e moitas noites ata que chegaron o fin do mundo Mario, un lugar chamado praia;

AITANA, A PINGA DE AUGA

por Aldara García. 2ºA

Eu son Aitana e vouvos contar a miña historia.

Un día estaba no mar e era unha nena pequena, pero fun medrando ata que por fin tiven 3 anos. Mirei cara o ceo e vin o Sol. Estaría voando? Oh, si, estaba voando! e esa... esa...!, qué é esa cousa?

- É unha nube

- Ti quen es?

- Son Raquel

- Ola Raquel, eu son Aitana

- Ven Aitana. Imos xogar.

- Aitana non sabía onde estaba.

- Esta é a nube das gotiñas pequenas.

- Ola Raquel dixo Laura

- Ola Raquel dixo Carla

- Estas son as miñas amigas

Laura, Carla e Sabela. E mirade todas, esta é Aitana.

- Durante moito tempo Aitana permaneceu coas súas amiguíñas. Pasábano moi ben xogando xuntas e facendo trasnadas.

Unha mañá moi cedo Aitana

levantouse e non estaba Raquel, así que foi a súa base secreta e encontrouna. Estaba facendo calceta.

- Qué fas Raquel? Preguntou Aitana

- Nada, estou facendo un paracaídas para...

- Para qué?

- Para..., é que mira, non che contei unha cousa. Achégate. Dentro dun mes baixaremos ao río e ... morreremos.

- E por qué morreremos?

- Porque os homes botan aos ríos augas dos alcantarillados, das fábricas, tiran todo tipo de lixo agora están moi, pero que moi contaminados.

- E iso que ten que ver co que estás ti facendo?

- O paracaídas é para poder baixar e non caer aos ríos. Moi preocupadas reuníronse e

fixeron un plan para quedar na cima dunha montaña moi alta. Ali de cando en vez chovía e caían gotiñas de auga ou folepas de neve e todos

xuntos vivían moi felices.

xuntos vivían moi felices.

xuntos vivían moi felices.

xuntos vivían moi felices.

xuntos vivían moi felices.



alí acabábase o mar, cousa que elas nunca viran, pensaban que o amar non se acababa, e Alba dixo:

- E agora qué facemos?

No mesmo momento a súa prima Noelia dou un asubio e dixo:

-Mirade cantos mexillóns están a colgar na superficie do mar!, e acercáronse a eles e díxéronlle:

- Quen sodes vos, e qué facedes aquí? e os mexillóns díxéronlle:

-somos mexillóns de batea! nese intre Alba púxose a coroa na cabeza e todos os mexillóns exclamaron oohhh, a raíña dos mares...

- Certo -díxolles Alba- eu son a raíña e pidovos que me axudedes a recuperar o castelo. E os mexillóns seguirona.

No castelo houbo unha batalla e a patrulla naval rendeu polo que Alba gañou o castelo. Esa noite

fixeron unha festa para celebrar a vitoria. Estando todos na praza do castelo bailando e cantando, non de decataron de que da cima do mar caía unha rede que ó final

atrapounos a case todos. mexillóns, navallas, nécoras, e tamén a Alba, foron pescados polo avó Xulio.

Xulio levounos á lonxa, onde vendeu as navallas á Señora Carla, as nécoras á Señora Carme e as ameixas, entre elas Alba, foron para facer a paella no colexio Pio XII.

A Alba comina eu!!! Uumhh!! qué rica estaba!!

A Alba comina eu!!! Uumhh!! qué rica estaba!!

A Alba comina eu!!! Uumhh!! qué rica estaba!!

A Alba comina eu!!! Uumhh!! qué rica estaba!!

A Alba comina eu!!! Uumhh!! qué rica estaba!!

A Alba comina eu!!! Uumhh!! qué rica estaba!!



O RATO E OSCAR

por Sergio Sanmiguel. 3°C.

Había unha vez un neno que se chamaba Óscar e na súa casa había un rato. Un día a súa nai marchou a compra e díxolle: ¡Óscar, coida a comida do rato! E así cando marchou a nai, Óscar tivo coidado e estivo vixiando a comida. Pasado un tempo o rato saíu e Óscar estaba distraído mirando o televisor, entón o rato comeuse case toda a comida pero logo a nai chegou pola porta e o rato fuxiu. A nai estaba moi enfadada con Óscar así que este foi busca-lo rato por toda a casa e encontrouno detrás dun armario do seu cuarto. Perseguiu ata que o atrapou. Entón viñeron moitos máis ratos axudado e Óscar non puido con eles. Óscar chamou os seus amigos a así coa axuda de todos eles foron a polos ratos con trampas a cando os atraparon Óscar axudado pola súa nai e os seus amigos foron ó río máis próximo e afogaron ali tódolos ratos.

AS CATRO ESTACIÓNS

por Iria Castrillón. 6ªA

O OUTONO

Día 21-Setembro

SOL: Oh, qué noxo, eu non me quero ir, eu quero seguir dando calor e luz a todas as persoas.

NUBES: Veña fora que agora tócanos estar aquí ¡FÓRA!

ÁRBORES: Oh, xa nos van caer as follas. Que frío imos ter...

FLORES: Non, eu quero quedarme para sempre nas pradeiras e nos campos... Por favor, podemos quedar máis tempo?

NUBES: Non, xa tivéchedes o voso tempo. (As nubes tapan ao sol)

SOL: Non...

NUBES: Veña adeus.

O INVERNO

Día 21-Decembro

NUBES: Só nos quedan 3 meses...

CHOIVA: Que ben, agora tócame caer das señoras nubes

NEVE: A min tamén me toca. Tamén dou moito frío.

NUBES: Non ... Que fai moito frío.

CHOIVA: Síntovolo moito.

VENTO: Nubes, vouvos mover

NUBES: Non, nono, por favor déixanos estar aquí.

VENTO: Non, vos xa tivéchedes os vosos 3 meses agora tócame a min.

NUBES: Non ...

A PRIMAVERA

Día 21-Marzo

SOL: Veña, fóra.

NUBES: Non, por favor, déixanos!!!

SOL: Non, vós fixéchedes o mesmo comigo ¡¡¡FÓRA!!!

FLORES: Por fi tócanos saír, veña xa toca dar alegría ás pradeiras e campos.

ÁRBORES: Fastidiádevos, vós non nos

deixades quedar no outono agora toca fastidiarvos

NUBES: Agora comprendovos...

TODOS: ¡FÓRA!

(O sol ponse enriba das nubes)

O VERÁN

Día 21-Maio

SOL: Canto calor dou ás persoas e canta luz... non quero que acabe nunca o verán.

ÁRBORES: A nós non nos gusta nada o verán. Temos moita calor, pero as follas pónense verdes e damos moita alegría, esperamos que lles guste á xente

FLORES: Nós temos moita calor tamén, pero damos moita alegría a todas as persoas, aínda que non aguantamos moito co sol

ÁRBORES: É verdade, señor sol, ti poderías dar menos calor para que non teñamos tanta calor?

FLORES: E que imos morrer pola calor...

SOL: O faría encantado... Pero iso non o decido eu

FLORES E ÁRBORES: Por favor, podería intentalo?

SOL: Faríao encantado pero se non dou calor o verán acaba.

FLORES: Ten razón, se non hai sol non hai verán

ÁRBORES: Tes razón, temos que disfrutar e non queixarnos, porque logo imos ter que marchar

Estas son as catro estacións do ano.

Vemos que todos queremos todo, pero non n pode ser. Temos que conformarnos co que temos e de cando en vez ter o que nos gusta. Espero que este conto vos guste a todos/as.

O CASO DO GATO

por Daniel Cernadas. 5ªA

Eu son Nida, un detective privado de once anos. Hai un ano empecei a ser detective. Ben, pois hoxe vouvos contar o meu primeiro caso.

Era un día de primavera cando eu ía ó colexio no autobús e vai un neno e fala de que lle desapareceu o can, e tamén dixo que daba unha recompensa de 25€, xusto o que necesito para poder comprar una bici, díxenlle que lla encontraba e así pola tarde fun a súa casa. El díxome que o can sempre estaba no seu dormitorio e eu mireino e vin unha cousa moi rara a carón da ventá, había un carballo e nel había sangue; eu seguíno e rastro ata uns arbustos que daban á casa do lado, metíme e vin no xardín da casa do lado o can morto, pero agora necesitaba saber quen o matara, descartei os veciños porque estaban de vacacións e o neno. Pero vin que a carón do can había un anaco de costela; así que fun o veterinario e el díxome que tiña veneno, así que descartei ó irmán. Así que fun a casa, e conteillo todo ó neno e despois de chorar un rato díxome que esa costela comprara a súa nai; pero o veterinario chamou para dicir dúas cousas: unha era que a chuleta non tiña veneno e a outra era que o can morreu de vello; así que o final eu gañei 25€; pero gastei eso e os aforros en comprar un can para o neno.

O FESTIVAL



CARMEN OTERO
2°C

O xoves día 24 de Maio foi o festival das Letras Galegas no colexio. Vimos as obras de teatro que fixeron os nenos de infantil, de primeiro e sexto. Tamén houbo actuacións de bailes galegos.

A obra de teatro de infantil era moi divertida ían vestidos de pullos e pulgas. Foi de primeiro fixeron unha obra de superheroes, A que máis me gustou foi a de sexto que trataba sobre laranxas, e o facían todos moi ben. O festival rematou coa entrega de premios aos mellores contos e gañou un premio unha amiga miña.

MAMÁ CABRA



SARA SEBE
2°C

Con motivo do día das Letras Galegas, no noso colexio programouse unha semana de actividades. O primeiro día, xde Maio, veu o grupo musical "Mamá Cabra" a cantar varias cancións. A máis que máis me gustou foi a de "Sereína do mar". Noutra canción cada vez que "Mamá Cabra" dicía o nome dun animal, os nenos tiñamos que facer o son con eles. Aínda que me gusta moito ver a "Mamá Cabra" porque podíanos bailar e facer costas.

